

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Literatura universal	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Esta materia contribúe á formación do alumnado na medida en que o pon en contacto co patrimonio cultural. Este achegamento posibilita a formulación de preguntas que vaian conformando a súa identidade. Á vez, mellora a capacidade crítica; o feito de poñer en común as ideas que propoñen os textos fai que se enfronten á necesidade de defender as súas ideas ou, cando menos, á necesidade de posicionarse.

Este curso o alumnado deberá enfrontarse tanto ao comentario de fragmentos seleccionados pola docente como á lectura de obras completas. En canto aos primeiros, a profesora guiarao na ampliación do seu horizonte lector. En relación coas lecturas, non só mellorarán as súas habilidades lingüísticas e accederán de modo claro aos clásicos senón que deberán manexar os conceptos que se requiren para o estudo dunha obra, paso esencial na súa formación.

Fornecerase ao alumnado das referencias culturais básicas e conectarase particularmente con outras artes, en especial a pintura e o cine.

A conexión coa actualidade non estará ausente da aula. A mesma selección dos temas e dos traballos que deben efectuar facilita este achegamento.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística.	4					1		1-2-31-32-42
OBX2 - Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	2-4			3	12-50			1-2-31
OBX3 - Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoécendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura.	1-2-4			1	50	1		1-2
OBX4 - Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais.	4			2-3		1		1-2-41-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.	1-2-4				40	1		1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dialogar cos outros: o teatro.	Farase un estudo da evolución do teatro a través da historia desde o mundo clásico. Destacarase a evolución de temas e técnicas tendo en conta o marco histórico e cultural.	15	25	X	X	X
2	Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo a través da narrativa.	Farase un estudo da evolución da narrativa a través da historia desde o mundo clásico. Destacarase a evolución de temas e técnicas tendo en conta o marco histórico e cultural.	15	25	X	X	X
3	Dicir o eu. Identidade e literatura.	Farase un estudo da evolución da lírica desde o mundo clásico tanto en temas como en técnicas. Ademais, estudarase a biografía e a narrativa existencial.	15	25	X	X	X
4	Afondando con obras completas.	Farase un estudo de obras dos tres xéneros. Serán estudos temáticos e técnicos. Terase en conta o marco histórico e cultural no que se desenvolven. As obras escollidas relaciónanse coas tres unidades anteriores. Unidade 1. Obras teatrais SHAKESPEARE, W. Romeo y Julieta. Vicens Vives. IBSEN, H. Casa de muñecas, Austral Unidade 2. Obras narrativas que se relacionan coa unidade 2 BOCCACCIO, G.: El Decamerón (10 cuentos), Castalia Prima POE, E.A. "El gato negro" GOGOL, N. "El abrigo" MAUPASSANT, G. de. "Bola de sebo"	40	45	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Afondando con obras completas.	CHEJOV, J.. " La dama del perrito" Unidade 3. . Diversos textos líricos desde a lírica clásica ata o simbolismo. KAFKA, F. La metamorfosis, Vicens Vives	40	45	X	X	X
5	Á luz dos textos lidos.	Realizaranse traballos relacionados coas lecturas que figuran na unidade 4. 1. Un traballo de creación ou adaptación sobre unha obra de teatro. 2. Un traballo de investigación con presentación e exposición oral no que deben indagar acerca de versións noutras artes das obras estudadas na segunda avaliación.	5	7	X	X	
6	Seguindo o ffo.	Inspirándose en temas tratados na historia da literatura, faranse dous traballos: 1. Elaboración dun muro dixital con exposición oral: obras relacionadas coa natureza e a súa posible relación co cine. 2. Elaboración dun muro dixital sobre un proxecto de investigación con exposición: mulleres poetisas do S. XX e XXI.	5	7		X	X
7	Ao meu aire.	Traballaranse aquí os textos que o alumnado manexará de modo autónomo. Sobre eles deberán facer dous tipos de traballos: 1. Booktrailer dunha novela gráfica ou dun cómic seleccionados na biblioteca do centro. 2. Un proxecto de investigación que se ha presentar oralmente e facer unha exposición na que sigan un tema ou tópico literario. E deben facelo utilizando textos líricos, cancións e obras pictóricas.	5	6	X		X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Dialogar cos outros: o teatro.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras.		
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria.	PE	100
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos.		
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dialogar cos outros.</li> <li>- Fronte á lei ou ao destino: a traxedia.</li> <li>- Fronte ás convencións sociais: o drama.</li> <li>- Humor crítico, humor compracente: a comedia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo a través da narrativa.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica.	PE	100
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras.		
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria.		
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos.		
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.</li> <li>- Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción.</li> <li>- ¿ Mundos observados: conto e novela. Bildungsroman ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mundos de evasión. A literatura de aventuras e a novela policial. Literatura de terror.</li> <li>- A arte como compromiso: o ensaio. A literatura de ideas</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Dicir o eu. Identidade e literatura.	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica.	PE	100
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras.		
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria.		
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos.		
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dicar o eu. Identidade e literatura.</li> <li>- Poesía lírica.</li> <li>- Literatura testemuñal e biográfica: diarios, cartas, memorias etc.</li> <li>- Realidade ficticia ou realidade representada: autobiografías, autoficción etc.</li> <li>- Narrativa existencial: personaxes en crise.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Afondando con obras completas.	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica.	PE	100
CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras		
CA2.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria.		
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria.</li> <li>- Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.</li> <li>- Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.</li> <li>- Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Á luz dos textos lidos.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo a partir da lectura de obras teatrais.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	Desenvolver un proxecto de investigación que se ha concretar nunha exposición oral e nunha presentación oral sobre as versións fílmicas e outras manifestacións artísticas dos contos lidos na segunda avaliación.		
CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	Realizar un proxecto de investigación sobre a modernidade dunha determinada obra clásica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Seguindo o fío.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	Desenvolver unha exposición oral sobre a relación entre tópicos literarios e outras manifestacións artísticas.		
CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición modal que sitúe os textos traballados no seu horizonte histórico cultural.		
CA1.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	Realizar un proxecto de investigación sobre obras que acheguen unha mirada crítica sobre a natureza e o medio ambiente. Trasladarase a unha presentación con exposición oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dicar o eu. Identidade e literatura.</li> <li>- Poesía lírica.</li> <li>- A canción, forma de expresión dos sentimentos.</li> <li>- Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo.</li> <li>- ¿Mundos observados: conto e novela. Bildungsroman ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder.</li> <li>- Mundos en imaxes. O cómic. O cinema.</li> <li>- O ser humano, os animais e a natureza: admiración, sobrecollemento, denuncia. Poesía, narrativa e ensaio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Ao meu aire.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación dos textos lidos autonomamente a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.	TI	100
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		
CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elaborar unha interpretación persoal con presentación e exposición oral acerca de obras de poetisas relevantes dos séculos XX e XXI.		
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	Acceder á biblioteca ou á Rede na busca de material relacionado con lírica, cancións ou arte.		
CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	Comparar os textos literarios coas novelas gráficas e comics seleccionados.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	Desenvolver un proxecto de investigación sobre novelas gráficas e comics relevantes relacionados coa literatura, Escoller unha e presentala oralmente nun booktrailer.		
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos líricos lidos no seu horizonte histórico e cultural		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais.</li> <li>- Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.</li> <li>- Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A actividade da docente como formadora e como guía verase complementada coa actividade do alumnado; farano coa súa participación coa actividades da aula e cos textos que incitarán ao debate; así mesmo deberán presentar traballos para os que previamente terán que buscar información, cruzar as fontes e preparalos para a súa exposición, ben oral, ben escrita. Isto supón o respecto polas convencións axeitadas desde como presentar unha bibliografía a como expoñer oralmente. O manexo das TIC será importante nalgunha das actividades por máis que non debemos esquecer que o central é o traballo con fragmentos literarios ou con obras completas; o eixe é a reflexión sobre os textos e a tecnoloxía aparece como un complemento benvido. Farase fincapé en relacionar as obras elixidas con asuntos de actualidade ou con temas transversais que aborden debates vivos. A colaboración coa biblioteca e co departamento de Tecnoloxía puidera ser importante para mellorar a interdisciplinabilidade.

Os eixes en torno aos cales se desenvolverá o programación os seguintes:

1. O feito de que se trate dun grupo de unicamente sete alumnos limita de modo considerable a elaboración de grupos. Desde logo, haberá actividades individuais e outras que se farán en parellas. Dependendo das posibilidades, puidera desenvolverse algunha actividade na que participe todo o grupo.
2. Aportación paulatina de recursos que lles permiten a mellora da comprensión lectora e da expresión escrita e oral.
  - Lectura autónoma de obras relevantes fomentando a súa capacidade de análise e o achegamento crítico e reflexivo a outro tipo de lecturas ás que estaban afeitos, as relacionadas co seu mundo.
  - Lectura guiada de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para recoñecer a súa cronoloxía, as coordenadas culturais e de movemento ao que pertencen así como tamén a estrutura e a análise temática e formal.
  - Lectura guiada, comprensiva e expresiva de obras completas pertencentes á literatura universal, fomentando a súa capacidade de análise, é dicir, recoñecer a estrutura e tanto a temática como os trazos formais. Tamén se mellorará a capacidade crítica e a relación con aspectos da actualidade. ¿
  - Recensións de obras de lectura ben sexa mediante exposicións orais ou booktrailers.

3. Mellora da expresión escrita e oral coa realización de actividades que a requiran que se corrixirán individual e colectivamente.
4. Creación de textos escritos académicos e nalgunha ocasión literarios. Para iso han seguir as fases de elaboración de textos e as propiedades textuais.
5. Desenvolvemento da competencia de aprender a aprender ao elaboraren resumos , esquemas ou mapas conceptuais. Tamén se estudará como elaborar un traballo e como presentalo.
6. Realización de comentarios de texto e de exercicios de comprensión lectora que vinculen tamén os textos con outras manifestacións artísticas.
7. Elaboración de temas de investigación nos que deben buscar información, seleccionar fontes e fundilas. Todo cara á presentacións escritas ou orais nas que se comunique de xeito adecuado e correcto.
8. Emprego de recursos que lles facilite a Rede desde a consulta de dicionarios á busca de información ou o manexo de aplicacións que enriquezan os presentes.
- 9.. Utilización da biblioteca escolar como primeiro achegamento de xeito autónomo a outros fondos de recursos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos elaborados ou facilitados pola profesora.
Selección de fragmentos e obras de lectura destacadas dentro da historia da literatura.
Actividades de reforzo, ampliación e recuperación, se procede.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos multimedia.
Emprego do debate como ferramenta que incita á reflexión.

### LIBRO DE TEXTO:

GALLART, M. e SANZ, R. Literatura Universal, Travesía, Teide

Máis alá da información que se poida subministrar ao alumnado, é esencial a escolma de textos á través dos cales chegar á reflexión que permite ao alumnado un progreso na súa competencia lectora.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Literatura Universal supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos literarios para a súa análise e comentario.

Neste sentido a selección de textos estrutúrase en tres categorías:

1. Lecturas que o alumnado poderá escoller dentro dos recursos que lles ofrezca a biblioteca do centro ou a mesma Rede.
2. Fragmentos de obras representativas dos distintos xéneros en diferentes períodos históricos; serán subministrados polo libro ou pola docente, se procede. Este enfoque propicia a análise da evolución tanto do aspecto temático, dos tópicos como das técnicas literarias empregadas
3. Lectura de obras completas.

### TEATRO:

SHAKESPEARE, W. Romeo y Julieta, Vicens Vives

IBSEN, H. Casa de muñecas, Austral

**NARRATIVA:**

BOCCACCIO, G. El Decamerón (diez cuentos), Castalia Prima  
 POE, E.A. "El gato negro"  
 GOGOL, N. "El abrigo"  
 MAUPASSANT, G. de. "Bola de sebo", Castalia prima  
 CHEJOV, A. "La dama del perrito"

**LÍRICA E NARRATIVA: O eu en crise**

Escolma de lírica

KAFKA, F. La metamorfosis, Vicens Vives

En todo momento, o traballo verase apoiado en material audiovisual integrado na aula virtual. Pode tratase de vídeos do nivel do alumnado ou de fragmentos de representacións teatrais ou versións cinematográficas de obras traballadas. En ningún caso ha tratarse dunha contemplación pasiva senón que se deberá desenvolver unha escoita activa con selección de información relevante. No caso das representacións teatrais ou nas películas haberá un debate posterior sobre o nivel de realización.

Tal como explicamos o uso das TIC será útil e utilizarase algunha ferramenta que poida desenvolver capacidades novas ao alumnado.

En canto ao material utilizado, diferenciaremos con claridade aquel que utilizará a profesora do que manexarán os alumnos. Este será adecuado ao seu nivel e, polo tanto, con guía previa da profesora. Será o específico para o tipo de traballo que deban realizar.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado o reducido número de alumnos, a avaliación inicial foi en boa parte innecesaria; dos sete alumnos, catro foran alumnos da docente o curso anterior. Comentáronse os seguintes aspectos.

1. As razóns que o impulsarán a escoller esta materia.
2. Os seus gustos literarios e as lecturas destacadas que fixeran ata ese momento.
3. As súas referencias de literatura universal.
4. As súas expectativas en canto á materia.

Desta avaliación inicial, a docente deduciu, en xeral, que o alumnado leu ata o momento, basicamente, libros xuvenís e que non teñen referencias do canon literario.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>40</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	0	0	0	<b>85</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	100	100	100	<b>15</b>

**Criterios de cualificación:**



45%: Probas escritas de historia da literatura (dúas por avaliación ).

1ª ex.: 25% 2ª ex.: 20%

40%: Proba escrita sobre os libros de lectura:

1ª av.: Romeo y Julieta: 2 p. (20%) Decameron: 2 p. (20%)

2ª av.: 40% (a repartir entre os diferentes contos): "El gato negro", "El capote", "Bola de sebo" e "La dama del perrito". .

3ª av.: La metamorfosis: 2 p. (20%) Casa de muñecas 2 p. (20%)

15%: Traballos relacionados coas unidades 5, 6 e 7 (dous por avaliación)

1ª avaliación: Unidades 5 e 7. (7,5% cada un dos)

2ª avaliación: Unidades 5 e 6. (7,5% cada un)

3ª avaliación: Unidades: Unidades 6 e 7. (7,5% cada un)

No exame extraordinario de xuño e nas probas de pendentos, os criterios son os seguintes:

60%: Historia da literatura.

40%: Libros de lectura.

No mes de xuño tras a avaliación final, dedicaremos atención preferente ao alumnado suspenso cara á preparación da segunda convocatoria. O alumnado aprobado realizará algunha tarefa de carácter creativo ou na que se relacione cine e literatura.

Na valoración das probas escritas terase en conta, ademais do contido, a expresión: presentación, ortografía, caligrafía e redacción respectuosas coas propiedades textuais.

Na localización de obras e autores, serán cualificados co rigor do 75% aqueles erros que supoñan non comprensión de conceptos básicos como xénero ou movemento, asociacións disparatadas como considerar unhas coplas narrativa, erros cronolóxicos que supoñan a demostración de que se descoñece totalmente cal é a liña do tempo como asociar un século con un movemento que nin sequera se trata nese curso ou calquera afirmación considerada polas docentes como moi grave.

En canto á ortografía, o desconto por falta en traballos e probas escritas será de 0,25 por cada unha diferente. En canto á acentuación, 0,1 cada catro erros en tiles; ata 0,5 por puntuación incorrecta e ata 0,5 por presentación deficiente. O desconto máximo é de 2,5 puntos . Estes descontos están calculados sobre 10; se se cualificara a proba sobre outra puntuación, o desconto sería o equivalente.

A adecuación, coherencia e cohesión así como unha caligrafía lexible serán elementos de valoración cando se outorgue unha puntuación a unha pregunta nunha proba. Farase de modo global xunto co contido.

### **Criterios de recuperación:**

Farase unha recuperación dos contidos de historia da literatura e libros de lectura que foron obxecto de proba escrita. Realizarase cada avaliación dentro do prazo dun mes, aproximadamente, posterior a esta.

1. Aqueles alumnos que suspenderon a avaliación poden optar por presentarse á recuperación de todas as partes suspensas ou de parte delas. Previamente ao exame, indicarán á profesora a súa decisión.

2. Se un alumno decide non presentarse a unha parte, a nota que quedará será a da avaliación; se se presenta, a nota será a da recuperación.

3. Aqueles que suspenderon a avaliación, pero teñen partes aprobadas deben recuperar só a parte suspensa.

4. Aqueles alumnos que, aprobando a avaliación, teñan partes poderán optar por presentarse á recuperación do suspenso. Tamén sucederá cos libros de lectura.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da materia pendente realizarase a través de dous exames ao longo do curso. Ao final, haberá unha recuperación das partes suspensas., se procede.

No que se refire á cualificación, queda como segue:

60%; Historia da literatura.

40%: Obras completas de lectura.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Segundo o establecido pola lei respecto ao recoñecemento da diversidade dos alumnos, establecemos os principios polos que nos rexeremos. E todo tendo en conta que se trata dun grupo de oito alumnos cinco alumnas e dous alumnos- dos que Orientación non comunicou ningún elemento diferenciador relevante.

1. Diversidade de grupos ao longo de curso para que o alumno poida establecer comparación entre os diferentes equipos dos que forma parte.
2. Diversidade de traballos de modo que poidan desenvolver diferentes competencias e habilidades.
3. Deseño de actividades de reforzo ou de ampliación, se proceden.
4. Gradación da aprendizaxe de modo que se propicie a paulatina asimilación das competencias necesarias.
5. Lectura de textos que atendan aos seus intereses, especialmente no apartado de lectura autónoma.
6. Potenciación da súa integración no grupo regulando a súa interacción cos demais, o respecto ás opinións dos demais ao tempo que se facilita a libre exposición das propias ideas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A igualdade de xénero				X		X	
ET.2 - A competencia dixital					X	X	X
ET.3 - O compromiso co desenvolvemento, o medio ambiente e a defensa da natureza.						X	
ET.4 - A creatividade e a formación estética. A defensa do patrimonio artístico e cultural.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A convivencia igualitaria. A crítica á desigualdade e a marxinación. e a violencia. A defensa da paz e dos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.8 - A crítica á violencia. A defensa da paz e dos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Esta materia cooperará coas restantes no logro das competencias e na adquisición de valores cidadáns xa previstos na lei.

A súa inclusión derivarase de tres vías:

1. A selección de textos e obras traballados na clase.
2. As actividades realizadas na clase.
3. A relación de cada alumno e da profesora co resto do grupo.

Os eixes nos que traballaremos serán os seguintes:

1. O respecto polas diferenzas entre os individuos, a educación na non discriminación por calquera circunstancia persoal ou social. O fomento da igualdade. A igualdade de xénero.
2. A defensa da natureza e do medio ambiente.
3. A capacidade de traballar en equipo colaborando e sabendo xestionar os conflitos.
4. A defensa dos dereitos humanos. A crítica á violencia.
5. A formación estética e o desenvolvemento da creatividade e o emprendimento.
6. A competencia dixital.
7. O fomento do espírito crítico e científico.
8. A educación emocional e en valores.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha representación teatral	Asistencia a unha representación teatral dependendo da oferta.	X		
Asistencia a algunha conferencia dun escritor.	Asistencia a algunha conferencia dun escritor dependendo da oferta.		X	
Asistencia a exposicións.	Asistencia a exposicións que se relacionen coa materia. Segundo oferta.			X

#### Observacións:

As actividades anteriores están suxeitas á oferta; polo tanto, a vinculación a trimestres determinados é, por agora, unha planificación.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados.

Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realizáronse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, e as actividades que se realizarán.
Ao inicio das unidades didácticas con contidos máis divulgados, indágase sobre o coñecemento previo do alumnado.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado a estrutura do tema.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, o desenvolvemento de técnicas de análise e redacción.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
As actividades propostas son variadas na medida en que o grupo e o desenvolvemento da materia o permitan.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo se foron necesarias.
Propuxéronse actividades de ampliación se foron necesarias.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Utilizáronse as actividades para crear un bo clima de diálogo entre os compoñentes do grupo.

### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Así sexa elaborada a programación, o alumnado coñecerá a materia que se estudará, o material que se utilizará, os procedementos de avaliación e o sistema de cualificación, este último referido tanto á avaliación como á recuperación.

Esta programación será obxecto de seguimento, e, polo tanto, poderá sufrir as modificacións imprescindibles fundamentadas. Na memoria final recolleranse as propostas de cambio para o curso próximo.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente o tempo destinado á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades adecuadas.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-Os criterios de avaliación e cualificación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

## **9. Outros apartados**